



Delegación de Pastoral Obreira

Delegado: P. Benito Santos, sj

santosbenito@hotmail.es

Obxectivo xeral:

Fomentar a comprensión da Eucaristía e a súa celebración como fonte da caridade e cauce dunha renovación comunitaria que faga visible o estilo de Igrexa que aspiramos a ser: evanxelizadora, misericordiosa e en comunión.

Obxectivo específico 1

Axudar a entender a importancia da Eucaristía, especialmente desde a liturxia da Palabra, en relación coa vida concreta de cada persoa e coa realidade social.

Liñas de acción

- 1.1. Fomentar encarecidamente a asistencia ó taller ou talleres que se organicen en torno á participación na Eucaristía, tendo presente as súas distintas dimensións: a teolóxica, a litúrxica, a pastoral e a social.
- 1.2. Colaborar para que as monicións e a oración dos fieis fagan presente a realidade tal como se presenta e se vive en cada circunstancia concreta.
- 1.3. A Delegación de Pastoral Obreira, xunto coa HOAC, estamos artellando un cursiño sobre Xesús de Nazaret ó que invitaremos aos que estean interesados en participar.
- 1.4. A nivel de toda España participaremos nas xornadas que organiza cada ano a Delegación da Pastoral Obreira da Conferencia Episcopal Española e trataremos de difundir o tratado neses encontros e doutras actividades que se levan a cabo en numerosas dioceses.

Obxectivo específico 2

Pomover a acción caritativa que nace do amor de Deus, aliméntase e actualízase na Eucaristía e dá orixe ás comunidades renovadas e renovadoras.

Liñas de acción

- 2.1. Animar á participación nas xornadas de formación sobre o documento da CEE *A Igrexa servidora dos pobres*.
- 2.2. Organizar, xunto con outros colectivos o 7 de Outubro, a Xornada que reivindica, a nivel mundial, un traballo decente.

- 2.3. Fomentar a inserción laboral, entre outros medios, realizando o curso de soldadura habitual de marzo á xuño, e intentando levar a cabo un proxecto de albañilería.
- 2.4. Seguiremos traballando na recién fundada Asociación en favor das pensións públicas. A situación é moi grave e, por outra parte, a resposta en defensa das pensións está sendo admirable.
- 2.5. Queremos potenciar o traballo en rede de Cáritas xunto con outras organizacións a fin de sensibilizar á opinión pública e impulsar a toma de decisións e acordos en materia de precariedade, desigualdade e marxinação social.
- 2.6. Faremos o posible para que as comunidades parroquiais teñan a maior información posible da difícil realidade de moitas persoas e familias que demandan axuda: é necesario dar a coñecer as necesidades, o tipo de axuda, as contas,...
- 2.7. Trararemos de intensificar o esforzo en xestionar que as familias en precariedade económica perciban o que en xustiza lles corresponde e para os que a axuda de Cáritas non exime aos organismos oficiais de ter que atender as súas necesidades vitais.